

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME02	Soldadura e caldeiraría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0097	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BLANCA FREIJO ARCE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa PROMETAL TECNOLOGÍA E INNOVACIÓN S.L., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Tomouse como referencia para a súa elaboración o perfil profesional do título determinado polas súas competencias e pola contorna profesional e tendo en conta os obxectivos xerais e resultados de aprendizaxe(RA) establecidos para o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora no propio currículo.

No presente curso 2023-2024 o módulo de EIE impartirase íntegramente no centro educativo.

A estadía no centro educativo exténdese de setembro a febreiro, e na empresa dende marzo ata agosto.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta alrea.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Manexo das fontes de información sobre o sector, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.

Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector.

A realización dun proxecto empresarial composto por un plan de empresa e un plan financeiro e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa incluirá os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da producción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de marketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro terá que incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descripción	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
2	O EMPRENDEDOR. IDEA. PROXECTO EMPRESARIAL	Conceptos básicos vinculados ao espírito emprendedor, o empresario-innovador e a idea de emprender.	12	15
3	A CONTORNA DA EMPRESA	Análise da contorna da empresa. Cultura empresarial. A responsabilidade social corporativa	8	15
4	O PLAN DE MARKETING	A función comercial: estudo de mercado e marketing-mix	10	15
5	O PLAN DE PRODUCCIÓN	Análise da producción: aprovisionamentos, custos e rendibilidade. Os recursos humanos	10	15
6	A EMPRESA: ORGANIZACIÓN, FORMA XURÍDICA E TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN	Concepto, funcións, clasificación da empresa. Distinción entre personalidade física e xurídica: vantaxes e desvantaxes. Trámites básicos para crear unha empresa	8	15
7	A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E CONTABLE DA EMPRESA	Documentación básica administrativa da empresa: elementos e confección. Obrigas fiscais e o seu calendario	5	10
8	PLAN ECONÓMICO E FINANCIERO DA EMPRESA	Analise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento para poder afrontalo. Nocións básicas de contabilidade.	7	5
9	PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE EMPRESA	Presentación pública do proxecto de empresa e realización do resumo executivo do proxecto empresarial	3	10

**4. Por cada unidad didáctica****4.1.a) Identificación da unidad didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O EMPRENDEDOR. IDEAS. PROXECTO EMPRESARIAL	12

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analízárónse as características das actividades emprendedoras no sector da soldadura e caldeiraría.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da fabricación mecánica, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de soldadura (materiais, tecnoloxía, organización da producción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da fabricación mecánica.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da fabricación mecánica.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A CONTORNA DA EMPRESA	8

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais componentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa soldadura e caldeiraría e describiríronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de soldadura e caldeiraría, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Defínironse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de marketing.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O PLAN DE MARKETING	10

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.

**4.4.e) Contidos**
**Contidos**

Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de marketing.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O PLAN DE PRODUCCIÓN	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.11 Describiranse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de soldadura e caldeiraría, e delimitáreronse as relacóns de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos disponibles. Externalización de actividades da empresa.
Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de marketing.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A EMPRESA:ORGANIZACIÓN, FORMA XURÍDICA E TRÁMITES DE CONSTITUCIÓN	8

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da fabricación mecánica.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferencióuse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identifícaronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identifícaronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de soldadura e caldeiraría tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de soldadura e caldeiraría: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividad empresarial.
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

**Contidos**

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de soldadura e caldeiraría.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A XESTIÓN ADMINISTRATIVA E CONTABLE DA EMPRESA	5

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa soldadura e caldeiraría, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de soldadura e caldeiraría: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	PLAN ECONÓMICO E FINANCEIRO DA EMPRESA	7

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analízaronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describiríonse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da fabricación mecánica.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE EMPRESA	3

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Descripción dos elementos e estratexias do plan de producción e do plan de marketing.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliação positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles veñen especificados en cada unha das unidades didácticas.

Para alcanzar a avaliação positiva na primeira e segunda avaliação parcial hai que obter un 5. A cualificación global da primeira avaliação será exclusivamente a obtida na proba escrita da avaliação.

Para alcanzar a avaliação positiva na segunda avaliação, e na avaliação final do módulo, o alumnado deberá, obrigatoriamente, elaborar (durante todo o curso), presentar e defender oralmente (ao final do período lectivo) un proxecto empresarial.

De existir indicios fundados de plaxio nos proxectos ou copia e/ou utilización de medios ou material non permitidos (teléfonos, auriculares, chuletas....), na realización dos exames, tanto o proxecto coma as probas escritas consideraranse non entregadas.

Os criterios de cualificación que se terán en conta para a avaliação final do módulo, distribúense en función aos instrumentos avaliadores, do seguinte xeito :

- Nun 70% valóranse a media dos resultados obtidos nas probas escritas da primeira e segunda avaliação.
- O proxecto terá un peso do 30% na cualificación final. A cualificación do proxecto, a súa vez, farase do seguinte xeito: 1)Estructura coherente, redacción, ortografía, presentación e defensa (peso:40%) 2) Adecuación e corrección dos contidos en cada apartado (peso:60%).

Tendo en conta que, en calquera caso, para aprobar esíxese un 5.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para os/as alumnos/as que suspendan algúna avaliação estableceránse actividades de recuperación que consistirán en exames correspondentes a cada parte da materia non superada, así como

a entrega do proxecto correxido naqueles apartados indicados pola profesora.. Os criterios de cualificación serán os expostos no apartado 5.

Para os/as alumnos/as que suspendan o módulo na avaliação previa á avaliação final, as actividades de recuperación consistirán nun exame da materia do módulo suspensa e na entrega do proxecto, segundo as indicacións da profesora. Os criterios de cualificación continuaran sendo os expostos no apartado 5.

A data de entrega do proxecto e da proba de recuperación será comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración.

O alumno que non supere o módulo quedará fóra do PROXECTO DUAL e non poderá titular, segundo o artigo 14 da Orde de 14 de Xullo de 2018

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliação extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliação continua

Na formación dual non é de aplicación este caso, xa que o alumno poderá ser excluído do proxecto por faltas de asistencia/puntualidade non xustificadas, segundo se dispón na Orde de 14 de Xullo de 2018

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliação da propia práctica docente

A avaliação do seguimento da programación e da práctica docente farase durante todo o curso.

Ao final do curso farase unha avaliação global desta programación. As conclusións desta avaliação final recolleranse na memoria final do ciclo

formativo, e más detalladamente na memoria de fin de curso do departamento de FOL.

A avaliación do seguimento da programación e da práctica docente terá en conta o interese amosado polos alumnos durante o curso, así como os resultados académicos obtidos.

As conclusións sobre estes importantes aspectos recollerán sobre todo a opinión do profesor/a que impartiou o módulo; pero tamén a valoración feita polo propio alumnado, cando se poda obxectivar; así como as opinións e valoracións dos outros profesores/as do ciclo, feitas ao longo de todo o curso, e especialmente na avaliación final.

A utilidade destas conclusións será o servir de base para a proposta de cambios e melloras na programación do módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A programación que se presenta ten como propósito atender a cada alumno da forma más personalizada posible, tendo en conta as súas capacidades e o seu ritmo de aprendizaxe, dando por tanto a oportunidade de aprender por igual a alumnos con diferentes motivacións, capacidades e intereses.

Intentarase que todo o alumnado acade un nivel de realizacións equiparable, sen que ningún abandone o modulo por falta de estímulos ou axuda do profesorado.

Os cuestionarios previos e as actividades na aula, individuais ou en grupo, serán os instrumentos para intentar coñecer e atender a diversidade e actuar en consecuencia .

Nalgúnsas unidades didácticas, realizarase unha avaliación inicial de maneira estruturada, mediante un cuestionario escrito; noutras unidades, a avaliación inicial farase na presentación das mesmas, de xeito máis informal.

Na unidade didáctica número 1, durante as sesións dedicadas á presentación do módulo, levarase a cabo, mediante un cuestionario escrito, a que probablemente sexa a máis importante avaliación inicial das previstas nesta programación.

As avaliacións iniciais non serán obxecto de cualificación para o alumnado

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Unha vez realizada a avaliación inicial participarase nunha reunión incial có resto do equipo docente do ciclo para intercambiar información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes do alumnado realizada polo titor ou titora do grupo segundo as instruccións da xefatura de estudios.

Nesa reunión incial adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Dificultades de relación interpersonal.
- Dificultades de atención.
- Problemas auditivos.
- Problemas visuais.
- Dificultades de lectura.
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Dificultades no cálculo numérico.

As actividades de reforzo deseñaranse da forma más personalizada posible, pensando nestes alumnos que presentan dificultades para que poidan conseguir unha avaliación positiva.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos a solicitude de calquera tipo de medidas que sexan axeitadas ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo son aspectos moi importantes e fundamentais a tratar todos os relacionados coa sustentabilidade do planeta, o impacto ambiental das actividades económicas, o coñecemento das empresas de economía social e o balance social das empresas.

Ademáis destes contidos propios, reforzaranse contidos transversais atendendo a idade do alumnado, entre outros:

- Educación e tabaquismo.
- Educación e alcoholismo.
- Educación e drogodependencias.
- Educación e adicción a medicamentos.
- Educación para a paz, especialmente tendo en conta o módulo para paz social.
- Educación para o consumo.
- Educación contra a violencia de xénero, o racismo e a xenofobia.
- Educación en valores.

Reforzaranse os hábitos de limpeza e hixiene, como son a limpeza do propio posto de traballo, así como a observación do seguimento do protocolo establecido polo centro nas zonas comúns e tamén nos talleres.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias e extraescolares, proponse a realización dun ciclo de encontros con empresarios de diferentes sectores, nos que se falará de empresa e emprendemento.

Asimesmo, está prevista a saída do alumnado a diversas actividades de observación e coñecemento de diferentes sistemas de producción e traballo, tanto na contorna próxima como extensa. Este apartado inclúe tamén a visita a diferentes organismos e asociacións empresariais ou comerciais, así como a organismos oficiais que teñan relación cos contidos impartidos na aula.

O alumnado do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora participará activamente nas actividades de emprendemento propostas dende o centro, en colaboración coa aula de emprendemento.

## 10. Outros apartados

### 10.1) bibliografía

O libro de texto recomendado será o da editorial "Tu libro de FP". Utilizaranse, sempre que sexa posible, materiais nos que se trate da actualidade económica e empresarial: revistas e periódicos de economía, finanzas e organización de empresas

### 10.2) páxinas web

AEAT, SS, SEPE e vídeos relacionados cos contidos do módulo.